

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA E GALICIA E A FEDERACION NACIONAL DE ASOCIACIONES DE INSTALADORES DE TELECOMUNICACION (FENITEL) PARA A XESTIÓN DAS SUBVENCIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS EN EDIFICIOS (PROGRAMA UNICO – EDIFICIOS), DERIVADO DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO AP400D, E ENMARCADO NO INVESTIMENTO C15.I4 DO COMPOÑENTE 15 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU**

En Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2022

Dunha parte, D. Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E doutra parte, ..... en representación da Federación Nacional de Asociaciones de Instaladores de Telecomunicación (FENITEL).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a AMTEGA é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III

da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

**Segundo.-** Que os seus estatutos atribúenlle á AMTEGA, entre outras competencias e funcións, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

**Terceiro.-** Que, a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), presentada pola Xunta de Galicia en febreiro de 2021, define un marco de actuación común que facilite a actuación das tres administracións (nacional, autonómica e local) nun mesmo territorio de maneira complementaria para consolidar a transición dixital da Comunidade. Concretamente, o eixo estratéxico 5 da EGD2030 céntrase en acadar a Conectividade Dixital do Territorio, promovendo unha Galicia máis integrada e conectada, asegurando o acceso á conectividade dixital para todos. Adaptar as infraestruturas das edificacións que non dispoñan dunha infraestrutura común de telecomunicacións (ICT) facilitará a conectividade destas edificacións ás novas redes de telecomunicación, aumentando a eficiencia dos despregamentos en termos económicos e de redución de prazos, cun modelo respectuoso co urbanismo existente.

**Cuarto.-** Que o 17 de novembro de 2021 publicouse no BOE o Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Dito Real Decreto contempla no seu artigo 19 a posibilidade de xestión das axudas cunha entidade colaboradora.

**Quinto.-** Que con data 25 de agosto de 2022, a dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ditou Resolución pola que se aproban as bases

reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, así como a selección da entidade colaboradora que participará na súa xestión, no marco do investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e procédese á súa convocatoria para o período 2022-2023 (códigos de procedemento AP400C e AP400D).

**Sexto.-** Que a resolución anterior ten entre os seus obxectos convocar a selección dunha Entidade Colaboradora para facilitar a xestión e o acceso das comunidades de propietarios ás axudas propostas.

**Sétimo.-** Que unha vez resolto o procedemento previsto na resolución do 25 de agosto de 2022 da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, con data ..... de ..... de 2022 o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ditou resolución pola que a Federación Nacional de Asociaciones de Instaladores de Telecomunicación (FENITEL) resultou seleccionada como Entidade Colaboradora.

**Oitavo.-** Que de conformidade co anteriormente exposto e co establecido no artigo 2.4 da resolución do 25 de agosto de 2022 da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia faise necesario subscribir o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes

## CLAÚSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

O presente Convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre a AMTEGA e a Federación Nacional de Asociaciones de Instaladores de Telecomunicación (FENITEL), que participará na xestión das subvencións para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios no marco do investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, convocatoria para o período 2022-2023 (código de procedemento

AP400D).

### **Segunda.- Requisitos da Entidade Colaboradora.**

A entidade que asina este convenio foi seleccionada consonte ao disposto na citada resolución do 25 de agosto de 2022 da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e terá a consideración de Entidade Colaboradora, con suxeición ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos deste convenio, a Entidade Colaboradora deberá cumprir cos requisitos establecidos no artigo 5.1 das bases reguladoras da resolución do 25 de agosto de 2022 da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

### **Terceira.- Obrigas da Entidade Colaboradora.**

Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as contidas nas bases reguladoras resolución do 25 de agosto de 2022 da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e na resolución de ..... de ..... de 2022 do director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que a Federación Nacional de Asociaciones de Instaladores de Telecomunicación (FENITEL) resultou seleccionada como Entidade Colaboradora, a Entidade Colaboradora queda obrigada a:

- a) Realizar unha campaña de comunicación e difusión a fin de dar a coñecer, co maior eco e repercusión pública posible, a convocatoria de subvencións entre as posibles entidades beneficiarias.
- b) Elaborar modelos para facilitar a presentación das solicitudes de subvención por parte das entidades interesadas.
- c) Recibir e rexistrar as solicitudes de subvención presentadas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia relativas a este procedemento, que recibirá a través da área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- d) Comprobar e acreditar a autenticidade da documentación que acompaña ás solicitudes e que dita documentación está completa, segundo o indicado nas



bases reguladoras e convocatoria da subvención (código de procedemento AP400C), elaborando no seu caso os requirimentos precisos para remitir ás comunidades de propietarios para solicitar a documentación que sexa esixible e que non fose presentada inicialmente. Así mesmo será obriga da Entidade Colaboradora comprobar que os solicitantes e as solicitudes cumpren os requisitos para poder obter a condición de beneficiarios.

- e) Cubrir os formularios de rexistro cos datos referentes ás solicitudes para facilitar a xestión coordinada das axudas, que serán creados a tal efecto pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- f) Remitir á área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a relación de solicitudes que cumpran os requisitos para poder obter a axuda, co importe da axuda que corresponde, ordenada segundo a orde de prelación que lle corresponda, así como a relación daquelas solicitudes presentadas que non acrediten documentalmente os requisitos esixidos para obter a axuda, reflectíndose os correspondentes motivos.
- g) Aportar á área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a documentación que se lle requira conforme ao expresado no parágrafo anterior.
- h) Revisión da documentación xustificativa da execución da subvención a presentar polos beneficiarios, verificando que a documentación é completa e suficiente, segundo o indicado nas bases reguladoras e convocatoria da subvención (código de procedemento AP400C).
- i) Elaborar, a petición do órgano instructor, os requirimentos precisos para remitir ás comunidades de propietarios para solicitar a documentación xustificativa que sexa esixible e que non fose presentada inicialmente.
- j) Facilitar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aos avaliadores designados ou a outros organismos nos que dito organismo delegue a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento, avaliación e control do proxecto.
- k) Cumprir as obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal





derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.

l) Atoparse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda Pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social. Isto implica o consentimento expreso á AMTEGA para a comprobación destes datos no marco deste convenio, mediante consulta automática destes certificados ás Administracións públicas:

- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A presentación destes certificados directamente por parte da Entidade Colaboradora cando lle sexan requiridos, será substitutivo do proceso de consulta automática dos mesmos.

m) De acordo co establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as entidades colaboradoras someteranse ás actuacións de control que realice a AMTEGA para o seguimento das subvencións concedidas e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (CE) nº 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece Mecanismo de



recuperación e resiliencia.

- n) Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas na letra d) do artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Cuarta.- Obrigas da AMTEGA.**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- a) Elaborar os modelos de formularios para o rexistro das solicitudes de subvención e darlle traslado dos mesmos á Entidade Colaboradora.
- b) Recibir as solicitudes de subvención presentadas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia relativas a este procedemento, así como a documentación asociada, e poñelas a disposición da Entidade Colaboradora.
- c) Elaborar os modelos de formularios para o rexistro das solicitudes de pago da subvención e darlle traslado dos mesmos á Entidade Colaboradora.
- d) Recibir as solicitudes de pago da subvención presentadas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia relativas a este procedemento, así como a documentación asociada, e poñelas a disposición da Entidade Colaboradora.
- e) Cumprir as obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.
- f) Abonar á Entidade Colaboradora a correspondente compensación económica, segundo o establecido na cláusula sétima.

#### **Quinta.- Desenvolvemento das actuacións.**

##### Solicitudes de subvención:

A área de Sociedade Dixital da AMTEGA recibirá as solicitudes de subvención no marco do procedemento AP400C, que serán postas a disposición da Entidade Colaboradora para a súa revisión, a medida que se vaian recibindo.

A Entidade Colaboradora deberá rexistrar cada solicitude, segundo o modelo de formulario de rexistro facilitado pola AMTEGA, e revisar a documentación e datos aportados na mesma, elaborando no seu caso os requirimentos precisos para remitir ás comunidades de propietarios, nun prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da documentación da solicitude.

No caso de solicitudes nas que sexa preciso requirir ás entidades solicitantes, este requirimento será remitido ás mesmas por parte da área de Sociedade Dixital da AMTEGA. As respostas a ditos requirimentos serán postas a disposición da Entidade Colaboradora para a súa revisión, a medida que se vaian recibindo, que deberá rexistrar estas novas achegas no modelo de formulario de rexistro facilitado pola AMTEGA.

A Entidade Colaboradora, unha vez revisada e analizada cada solicitude, e feitas as emendas, e nun prazo máximo de 10 días hábiles dente a recepción da última documentación da solicitude, remitirá á área de Sociedade Dixital da AMTEGA a indicación de si a solicitude cumpre os requisitos para poder obter a axuda, así como a contía de subvención que lle correspondería, ou ben o seu incumprimento, indicando as causas.

A área de Sociedade Dixital da AMTEGA informará á Entidade Colaboradora da concesión e denegación das subvencións a medida que se vaian emitindo as correspondentes resolucións.

#### Solicitudes de pago da subvención:

A área de Sociedade Dixital da AMTEGA recibirá a solicitude de pago xunto coa documentación xustificativa presentada polos beneficiarios das axudas, que será posta a disposición da Entidade Colaboradora para a súa revisión, a medida que se vaia recibindo.

A Entidade Colaboradora deberá rexistrar a documentación recibida, segundo o modelo de formulario de rexistro facilitado pola AMTEGA, e revisar a documentación e datos aportados na mesma, elaborando no seu caso os requirimentos precisos para remitir ás comunidades de propietarios, nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a recepción da documentación da solicitude de pago.

No caso de solicitudes nas que sexa preciso requirir ás entidades solicitantes, este requirimento será remitido ás mesmas por parte da área de Sociedade Dixital da AMTEGA. As respostas a ditos requirimentos serán postas a disposición da Entidade Colaboradora para a súa revisión, a medida que se vaian recibindo, que deberá rexistrar estas novas achegas no modelo de formulario de rexistro facilitado pola AMTEGA.

A Entidade Colaboradora, unha vez revisada e analizada cada solicitude de pago, e feitas as emendas, e nun prazo máximo de 15 días hábiles dente a recepción da última documentación da solicitude de pago, remitirá á área de Sociedade Dixital da AMTEGA o resultado da revisión da documentación xustificativa da execución da subvención, verificando si a documentación é completa e suficiente, e o resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano instructor poida concluír respecto diso.

A área de Sociedade Dixital da AMTEGA informará á Entidade Colaboradora das resolucións de pagamento, a medida que se vaian emitindo.

#### **Sexta.- Financiamento.**

Para o financiamento das actuacións a realizar pola entidade colaboradora está prevista unha dotación orzamentaria máxima de 164.492,31€ que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.781.0, coa seguinte distribución:

2022	2023	TOTAL
82.246,15€	82.246,16€	164.492,31€

Este crédito financiarase con fondos europeos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

#### **Sétima.- Contraprestación económica.**

A Entidade Colaboradora recibirá unha compensación económica polas tarefas de difusión e campaña de comunicación que efectuará a fin de dar a coñecer estas axudas, así como pola xestión da documentación das axudas. Esta compensación estará

condicionada ao importe das subvencións concedidas e pagadas aos beneficiarios, ata o importe máximo establecido na cláusula sexta.

O aboamento desta compensación económica farase en dous pagamentos:

- Un primeiro pagamento de 82.246,15€ a realizar durante o primeiro mes dende a firma do Convenio, para o financiamento das tarefas de comunicación e difusión, e elaboración de modelos para facilitar a presentación das solicitudes de subvención por parte das entidades interesadas.
- Un segundo pagamento antes do 31 de decembro de 2023 ata acadar un 4% do importe das subvencións concedidas e con resolución de pago aos beneficiarios, ata o máximo da dotación orzamentaria establecida na cláusula sexta para a anualidade 2023.

#### **Oitava.- Natureza.**

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios de dita Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar o convenio e resolver todas as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento e os seus acordos porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo recorribles ante a xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Novena.- Resolución.**

Son causas de resolución do presente convenio o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas cláusulas do mesmo, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso.

#### **Décima.- Vixencia.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de

decembro de 2023.

### **Décimo primeira.- Réxime xurídico.**

O presente convenio rexeráse por:

- Resolución do 25 de agosto de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, así como a selección da entidade colaboradora que participará na súa xestión, no marco do investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e procédese á súa convocatoria para o período 2022-2023 (códigos de procedemento AP400C e AP400D).
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- O Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno

E en proba de conformidade con canto antecede asinan os comparecentes.

**O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**

**Julián Cerviño Iglesia**

**O representante da Federación Nacional de Asociaciones de Instaladores de  
Telecomunicación (FENITEL)**

.....